

O presente informe recolle unha análise dos resultados da Enquisa de Ocupación Hoteleira do INE para Galicia correspondentes aos primeiros sete meses do ano 2010. Seguindo o esquema analítico dos informes mensuais, a valoración dos datos acompáñase dunha comparativa a nivel temporal, tanto en relación aos sete primeiros meses do ano pasado ano como o referido ao do último ano Xacobeo 2004.

I) GALICIA


Tab 1. Viaxeiros, pernoitas, estadía media e graos de ocupación en estab. hoteleiros. Xan.–Xul. 2010

	ESPAÑA		GALICIA		
	Nº	Var. Int. 09	Nº	Var. Int. 09	Var. Int. 04
VIAXEIRO	46.384.414	5,9%	2.041.213	13,0%	5,3%
PERNOITAS	147.900.509	5,0%	4.279.275	9,7%	5,6%
ESTADÍA MEDIA	3,19	-0,8%	2,1	-2,9%	0,2%
% OCUPACIÓN	49,34%	1,4	32,28%	2,4	-2,1

Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- No que vai de ano, isto é, no conxunto do período acumulado de 2010 rexístranse un total de 2.041.213 viaxeiros, cifra que supón un incremento do 13,0% en relación ao pasado ano e do 5,3% en relación ao último ano Xacobeo 2004.

Fig 1. Taxa de variación interanual dos viaxeiros. Xan- Xul. 2004-10




Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- O incremento interanual do acumulado do ano en Galicia é o segundo máis elevado do estado tras Cataluña (cun 13,8) e amplamente superior ó 5,9% da media nacional, isto é, a nosa comunidade experimenta un dos maiores incrementos de viaxeiros aloxados do conxunto España tamén nestes sete primeiros meses do ano 2010. En termos absolutos, Galicia ocupa o oitavo lugar en canto aos viaxeiros, de novo por detrás das comunidades do mediterráneo, Canarias, Madrid e Castela e León.

- Logo dun primeiro mes de xaneiro onde se experimentara un descenso en termos interanuais, en febreiro recupérase a senda de crecemento que se acentúa de forma importante nos seguintes meses ata xuño. En xullo modera a aceleración pero mantén un bo comportamento completando así un período acumulado de incremento global interanual do 13,0% no volume de viaxeiros. Tal como se observa no gráfico, a partir de marzo e de forma continuada a cifra de viaxeiros supera sempre os valores tanto do pasado ano como do último ano Xacobeo 2004.


Fig. 2. Volume de viaxeiros. Anos 2004, 2009 e 2010



Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- O 80% dos viaxeiros son españois, isto é o denominado mercado nacional dentro da nosa comunidade, mentres que o 20% restante corresponde aos estranxeiros. Ambos mercados incrementan a súa presenza en Galicia de forma semellante, cunha subida no acumulado do 12,6% da demanda nacional e do 14,9% da estranxeira. Así pois, o bo comportamento do sector no que vai de ano ata o mes de xullo débese tanto a subas tanto do segmento nacional como do internacional.

Fig 3. Taxa de variación interanual das pernoitas. Xan- Xul. 2004-10




Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- Nos primeiros sete meses do ano os establecementos hoteleiros de Galicia acumulan un total de 4.279.275 pernoitas, volume importante que supera en un 9,7% á cifra do mesmo período do

pasado ano e nun 5,6% á correspondente ao último ano Xacobeo 2004. A dinámica desta variable é paralela ao comentado respecto dos viaxeiros, con descensos interanuais nos dous primeiros meses de 2010 previos ao inicio dunha tendencia de crecemento positivo nos catro seguintes, acumulando, a subida media citada anteriormente.

- Galicia é a comunidade que presenta a terceira subida máis alta no volume de pernoitas neste período acumulado do ano (do 9,7%), respecto ao ano pasado. situándose neste caso por detrás de Madrid (cun incremento do 14,2%) e Cataluña (co 11,9%), pero moi por enriba da media nacional, situada no 5,0%.
- A estadía media nos establecementos hoteleiros de Galicia nestes primeiros sete meses do ano é de 2,10 noites, cifra que descende lixeiramente en relación ao pasado ano (en particular, un 2,9%) pero que se mantén estable respecto de 2004, cunha lixeira suba do 0,2%. É a caída máis importante de todas as comunidades autónomas do Estado (que cae en conxunto un 0,8%).
- No acumulado do ano a ocupación hoteleira sitúase no 32,28%, cifra que en todo caso sitúase por encima do rexistrado no mesmo período do pasado ano (en case dous puntos e medio porcentuais) pero que novamente se queda por debaixo do nivel acadado no mesmo período de 2004 (que era do 34,40%). Isto é debido á que a suba do 9,7% nas pernoitas viuse superado polo incremento do volume de prazas ofertadas entre o 2004 e o 2010.

Fig 4. Grao de ocupación por prazas e Variación interanual. 2009-2010



Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- Tras caídas continuadas ata os dous primeiros meses do deste ano o nivel de ocupación medrou de forma constante nos últimos cinco meses, consolidando unha tendencia positiva.

I) ANÁLISE POR PROCEDENCIA

- Tal como se comentou anteriormente, o 80% dos viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros de Galicia nestes primeiros sete meses do ano son españois. O cadro seguinte amosa a distribución por comunidades autónomas de orixe.

Tab 4. Distribución porcentual dos viaxeiros nacionais, e porcentaxe de variación interanual, por comunidades autónomas

XANEIRO – XULLO 2010		
CC.AA.	% s/ total	Var. int. 09
Galicia	37,59%	2,16%
Madrid	17,48%	17,19%
Castela e León	7,65%	18,72%
Cataluña	6,57%	14,73%
Asturias	5,69%	6,46%
Andalucía	5,67%	29,95%
País Vasco	4,06%	22,03%
C. Valenciana	3,49%	32,96%
Castela A Mancha	2,50%	15,72%
Resto de España	9,30%	30,39%

- Dentro dos viaxeiros nacionais que se aloxan en establecementos hoteleiros na nosa comunidade, son os galegos de novo os que teñen un maior peso, representando o 37,6% dos españois aloxados nos establecementos hoteleiros en Galicia nos sete primeiros meses do ano. Madrid é a segunda comunidade en orde de importancia, cun 17,5% do total de viaxeiros, liderando o mercado español de non residentes en Galicia e superando ao resto de comunidades do Estado, entre as que destacan Castela e León (terceira en orde de importancia co 7,6% do total nacional), Cataluña (co 6,6%), Asturias e Andalucía, (ambas co 5,7% do total).
- A cifra en termos absolutos nos sete primeiros meses do ano (616.424 viaxeiros residentes na nosa comunidade) apenas variou en relación ao pasado ano, pois supera tan só nun 2,2% o dato acumulado do mesmo período de 2009. No que vai de ano todas as comunidades autónomas incrementaron o volume de viaxeiros emitidos a Galicia en relación ao mesmo período do pasado ano, en porcentaxes variadas en función dos casos.
- Nese contexto é xustamente a nosa comunidade a menos dinámica, isto é, o mercado dos residentes en Galicia é o que menos medrou no conxunto do que vai de ano, dando como consecuencia un descenso do peso do mercado interno de algo menos de catro puntos porcentuais respecto do mesmo período de 2009.
- Son a Andalucía e Madrid as que incrementaron en maior medida o volume de viaxeiros a Galicia no acumulado.

II) ANÁLISE POR TIPOLOXÍA E CATEGORÍAS

Como complemento á información facilitada nos apartados anteriores, analízanse a continuación os datos da Enquisa de Ocupación Hoteleira por tipoloxía e categoría dos establecementos e para o conxunto de Galicia.


Tab 5. Viaxeiros, pernoitas, estadía media e graos de ocupación por tipoloxía de establ. Xan.-Xul. 2010

	HOTEIS		PENSÍONS	
	Nº	Var. Int. 09	Nº	Var. Int. 09
VIAXEIRO	1.648.774	13,48%	392.440	11,08%
PERNOITAS	3.359.507	13,08%	919.767	-0,94%
ESTADÍA MEDIA	2,04	-0,36%	2,34	-10,82%
% OCUPACIÓN	-	-	-	-

Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- Dentro da propia oferta hoteleira obsérvase un comportamento algo dispar entre as dúas tipoloxías consideradas, isto é, entre os hoteis e as pensións. En particular, na primeira delas obsérvase un incremento en porcentaxes similares tanto do volume de viaxeiros como de pernoitas en relación ao pasado ano (do 13,48% e 13,08%, respectivamente), circunstancia que explica en grande medida o bo comportamento global do sector.
- Nas pensións, en cambio, contraponse a forte suba dos viaxeiros (lixeiramente inferior á dos hoteis, do 11,08% neste caso) ao descenso acumulado das pernoitas (nun 0,9% no conxunto dos sete primeiros meses), aspecto que sen dúbida provoca unha caída importante da estadía media nesta modalidade de aloxamento.

Fig 5. Variación Interanual dos viaxeiros e pernoitas segundo tipo de stab.. Xan.-Xul. 2010.




Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- O mellor comportamento dos viaxeiros en relación ás pernoitas en ambos casos comporta variacións negativas na estadía media en ambas tipoloxías de establecementos, que no caso dos hoteis descende lixeiramente (un 0,36%), situándose na media dos últimos sete meses en 2,04

noites, mentres que nas pensións descende de forma notable (algo menos dun 11%), colocándose en 2,34 noites para o mesmo período.

Fig 6. Variación Interanual dos viaxeiros e pernoitas segundo categoría. Xan.-Xul. 2010.



Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- Analizando os datos en detalle, e observando as cifras por categorías, conclúese que:
 - Todas as categorías agás as pensións de tres e dúas estrelas (cunha caída do 1,44%) rexistran un incremento do volume de viaxeiros en relación aos sete primeiros meses do ano pasado. Esta suba acada as maiores porcentaxes no caso das pensións dunha estrela, isto é, no segmento máis baixo da oferta (pois rexistra un crecemento do 24,48%). Nos hoteis de dúas estrelas obsérvase tamén unha suba importante, do 22,01% interanual.
 - As pernoitas teñen un comportamento dispar. A pesar de amosar incrementos nas mesmas categorías que os viaxeiros, as magnitudes desas subidas son máis variables. Os hoteis de dúas estrelas é a categoría que presenta un mellor comportamento, cunha unha importante suba, (concretamente un 24,59). Cabe destacar ademais a caída en pensións de tres e dúas estrelas (do 7,43%) e a pequena subida en pensións dunha estrela (dun 4,13%), en relación á experimentada pola cifra de viaxeiros no acumulado do ano (que, como se citou antes, subiu un 24,48%).
 - Agás nos hoteis de dúas estrelas, no resto das categorías o comportamento das pernoitas vese sempre superado polo dos viaxeiros, o que dará lugar a caídas na estadía media do acumulado do ano.
- As pensións de unha estrela presentan a estadía media máis elevada nos primeiros sete meses do ano, cun valor de 2,55 noites. No extremo oposto, coa estadía media máis baixa, atópanse os hoteis de máxima categoría, nos que, a día de hoxe e para o conxunto do acumulado do ano, con 1,93 noites.
- A estadía media, en consonancia co sinalado en relación á evolución dos viaxeiros e pernoitas, medra nos hoteis de dúas estrelas, mentres que cae nas restantes categorías (un 16,34% nas

pensións dunha estrela, , un 6,08% nas pensións de tres e dúas estrelas, menos do 2% nas restantes categorías).


IV) ANÁLISE POR PROVINCIAS

Tab 6. Viaxeiros, pernoitas, estadía media e grao de ocupación en estab. hoteleiros, por provincias

		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
VIAXEIROS	Nº	942.693	313.890	164.657	619.975
	% Var.	15,53%	14,55%	4,61%	10,95%
PERNOITAS	Nº	1.914.249	499.891	303.663	1.561.473
	% Var.	10,27%	11,69%	-1,54%	10,94%
ESTADÍA MEDIA	Nº	2,03	1,59	1,84	2,52
	% Var.	-4,55%	-2,49%	-5,88%	-0,01%
% OCUPACIÓN	%	35,30%	26,18%	22,92%	33,95%
	Var.	2,12	2,46	-0,22	3,48

- Nos primeiros sete meses de 2010 é novamente a provincia de A Coruña é a que rexistra o maior volume de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros da comunidade, acadando nesta ocasión a cifra acumulada de 942.693 viaxeiros, o 46,2% do total de Galicia neste período. Pontevedra é a provincia que a segue en orde de importancia, cun total de 619.975 viaxeiros, o 30,4% da cifra da comunidade. Ambas, por tanto, acollen ao 76,6% do total de viaxeiros da comunidade. O 23,4% restante distribúese nas provincias orientais de xeito desigual, rexistrando Lugo (con 313.890 viaxeiros, o 15,4% do total de Galicia) valores superiores a Ourense (provincia na que se aloxa o 8,1% da comunidade, con 164.657 viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros).
- No tocante ás pernoitas os comportamento por provincias é moi similar. As provincias do litoral atlántico rexistran o 81,2% do total de Galicia no acumulado do ano (cun 44,7% na provincia de A Coruña e un 36,5% na de Pontevedra), mentres que as máis orientais acollen pola súa banda ao o 19,9% restante (sendo Lugo tamén a que ten o maior volume de pernoitas no acumulado, arredor do dobre que Ourense).
- A provincia máis dinámica no tocante a viaxeiros resulta ser tamén A Coruña cun incremento do volume de viaxeiros nos sete primeiros meses do ano dun 15,5%, mentres que as pernoitas subiron un, 10,3% en relación ao mesmo período do 2009. O comportamento de Lugo e Pontevedra é tamén moi positivo con elevadas subas en ambas provincias (en Lugo: 14,5% e 11,7%, en viaxeiros e pernoitas, respectivamente; e en Pontevedra arredor do 11% en ambas variables). Ourense pola súa banda presenta un comportamento que difire do do resto das provincias, cunha suba inferior en viaxeiros (do 4,6%), e una caída en pernoitas dun 1,5%, no que resulta ser o dato disonante con respecto ao comportamento global do sector na comunidade.
- Salvo no caso xustamente de Ourense, a dinámica positiva das outras tres provincias galegas no período de xaneiro a xullo responde a un bo comportamento global desde o mes de marzo, punto de inicio dunha secuencia consecutiva de incrementos interanuais tanto no volume de viaxeiros como de pernoitas.


Fig 7. Variación Interanual dos viaxeiros e pernoitas, por provincias. Xan.-Xul. 2010.



Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- Respecto do último Xacobeo 2004 todas as provincias agás Pontevedra superan tanto en viaxeiros como en pernoitas as cifras acadadas naquel ano, en porcentaxes que superan o 30% en Lugo, e que en A Coruña e Ourense están arredor do 7,5% para os viaxeiros e o 9% para as pernoitas.
- En todas as provincias galegas o peso da demanda nacional supera á estranxeira, acadando, en termos de viaxeiros, porcentaxes que varían do 77,0% no caso de A Coruña ata o 90,9% en Ourense. En termos xerais obsérvase un maior peso do segmento nacional nas provincias máis meridionais respecto das do norte.
- A dinámica observada para o conxunto das provincias ten, en xeral, o seu equivalente en cada un dos mercados. En concreto, o bo comportamento dos viaxeiros e pernoitas é consecuencia do crecemento, en maior ou menor medida, tanto da demanda nacional como da estranxeira. Finalmente as cifras negativas de Ourense no tocante ás pernoitas responden no acumulado do ano a unha caída do mercado nacional (do 2,7%), mentres o estranxeiro amosa unha evolución positiva (cunha suba do 11,0%)
- A estadía media no acumulado do ano varía dende as 2,52 noites de Pontevedra, que rexistra a cifra máis elevada, e as cunha media de 1,59 noites de Lugo, que presenta o dato máis baixo. Soamente Pontevedra consegue manter a estadía media do pasado ano (cunha ínfima caída do 0,01% en relación aos primeiros sete meses de 2009) mentres que nas restantes provincias cae, de xeito variable.
- A Coruña, cunha media do 35,3%, e Pontevedra, co 34,0%, son as provincias que rexistran os maiores niveis de ocupación de Galicia nestes primeiros sete meses do ano, superando a media de Galicia en ambos casos (que está no 32,28%). Lugo e Ourense, en cambio, amosan porcentaxes menores, do 26,2% na primeira e do 22,9% na segunda.
- Nesta última provincia, Ourense, obsérvase unha caída acumulada do nivel de ocupación respecto do pasado ano (de tan só 0,22 puntos porcentuais), constituíndo a excepción nesta materia, dado que nas restantes provincias sobe o grao de ocupación, algo máis de dous puntos porcentuais en A Coruña e Lugo e uns 3,5 puntos porcentuais en Pontevedra.

Fig 8. Grao de ocupación e variación interanual, por provincias. Xan.-Xul. 2010.



Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- Este comportamento positivo no conxunto dos sete primeiros meses e nas tres provincias comentadas responde un incremento continuado e crecente da ocupación media no sector desde o mes de marzo, paralelamente ao comportamento das pernoitas.

➤ V) ANÁLISE POR PUNTOS TURÍSTICOS

O INE ofrece datos da Enquisa de Ocupación Hoteleira para determinados “puntos turísticos” do territorio español. Considéranse como tales aqueles municipios que teñen unha determinada infraestrutura hoteleira e un nivel de resposta tal que os datos estimados a través da propia enquisa son representativos.

Para este mes de xullo de 2010 analízanse datos de cinco das sete cidades galegas. Son:

- A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense e Vigo.

A táboa seguinte recolle os principais indicadores de conxuntura hoteleira para os puntos turísticos mencionados anteriormente:

Tab 7. Viaxeiros, pernoitas, estadía media e grao de ocupación en estab. hoteleiros, por puntos turísticos


		A CORUÑA	SANTIAGO	LUGO	OURENSE	VIGO
VIAXEIROS	Nº	209.298	368.518	83.739	60.213	175.209
	% Var.	5,8%	23,8%	11,9%	11,0%	7,7%
PERNOITAS	Nº	408.781	748.687	135.694	100.232	356.729
	% Var.	-3,3%	16,8%	11,3%	9,3%	7,1%
ESTADÍA MEDIA	Nº	1,95	2,03	1,62	1,66	2,04
	% Var.	-8,5%	-5,6%	-0,6%	-1,5%	-0,5%
% OCUPACIÓN	%	35,66%	45,87%	32,76%	38,74%	33,75%
	Var.	-1,6	5,5	3,3	3,8	1,4

- Santiago de Compostela é a cidade que amosa un maior dinamismo e un mellor comportamento na conxuntura global do sector hoteleiro nestes primeiros sete meses do ano, con incrementos globais do 23,8% no volume de viaxeiros e do 16,8% nas pernoitas, superando as porcentaxes do resto de destinos urbanos da comunidade analizados neste informe. Dentro de Galicia esta cidade recolle o 18,1% dos viaxeiros e o 17,5% das pernoitas que se produciron na nosa comunidade en establecementos hoteleiros no acumulado do ano.
- Tras Santiago sitúanse, en orde de importancia A Coruña e Vigo, quedando cun menor peso as cidades do interior, Lugo e Ourense.
- En canto ao comportamento dinámico das cidades no acumulado dende xaneiro obsérvase que:
 - En todas elas incrementábase o volume de viaxeiros en relación ao mesmo período do pasado ano, sendo Santiago a que rexistra a subida máis elevada (do 23,8% interanual), seguida de Lugo cun 11,9%. A Coruña é a cidade que presenta o menor incremento, cunha suba do 5,8%. dato menos positivo dos cinco destinos analizados.
 - Todas as cidades incrementan as súas cifras de pernoitas con respecto as cifras do pasado ano, salvo A Coruña, concello onde, no acumulado, prodúcese un descenso dun 3,3%, debido ás caídas rexistradas en cinco dos últimos sete meses, incluído

xullo. Este descenso global é debido ao mercado nacional que acumula un descenso do 4,9% no que vai de ano, mentres que, pola contra, o mercado estranxeiro presenta unha variación positiva, do 6,0% nos sete primeiros meses do ano respecto ao mesmo período do 2009. No resto das cidades analizadas os datos son positivos en ambos mercados. A maior subida das pernoitas corresponde neste caso ás cidades de Santiago e Lugo, con porcentaxes do 16,84% e do 11,32%, respectivamente.

- En todas as cidades obsérvase, de xeito máis ou menos acusado, un mellor comportamento os viaxeiros en relación ás pernoitas, o que dará lugar a un descenso da estadía media.
- Entre estas cidades soamente Santiago e Lugo logran superar o volume de viaxeiros dos primeiros sete meses do ano 2004 (concretamente nun 17,41% e 3,19%, respectivamente). No outro extremo sitúanse Vigo e A Coruña, con descensos significativos respecto ao último Xacobeo (do 18,2% e do 13,8%, respectivamente).
- No tocante as pernoitas de novo Santiago, acompañada por Lugo (con incrementos do 7,10% e do 6,45%, respectivamente) presentan mellores resultados que no mesmo período do último Xacobeo. De novos son A Coruña (cun descenso do 6,0%) e Vigo (cunha caída do 5,2%) as cidades que rexistran cifras inferiores ao 2004.

Fig 9. Variación interanual dos viaxeiros e pernoitas nas cidades de Galicia. Xan –Xul. 2010.




Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- Nestes primeiros sete meses do ano, obsérvase que en todas as cidades o peso do mercado nacional supera claramente ao estranxeiro, pero o reparto entre ambos mercados varía segundo a cidades, presentando Santiago un comportamento claramente diferenciado (o peso do turismo nacional é do 66,6% en viaxeiros, e do 71,1% en pernoitas) fronte ao resto de cidades (nas que a proporción oscila entre o caso de Vigo (cun peso do mercado nacional do 78,4% para viaxeiros e do 74,52% en pernoitas), e o de Ourense (cun peso en viaxeiros e pernoitas dun 89,8% e un 88,1% respectivamente), sendo esta a cidade onde o mercado nacional ten maior peso.

- A estadía media presenta valores dispares dunha cidade a outra, sendo Vigo a que rexistra no período de xaneiro a xullo a cifra máis elevada, con 2,04 noites, seguida de cerca por Santiago con 2,03 noites. Lugo e Ourense, en cambio, quedan por debaixo da media con 1,62 e 1,63 noites, respectivamente. Como se sinalou con anterioridade, debido á relación entre a evolución dos viaxeiros e as pernoitas, a estadía media cae en todas as cidades respecto ao mesmo período do ano pasado, en porcentaxes que van dende o 0,5% de Vigo ao 8,5% da Coruña.
- En relación aos sete primeiros meses do Xacobeo 2004 só Santiago presenta unha evolución negativa, cun descenso do 8,8%, mentres no extremo oposto destaca Vigo, cunha suba do 15,9%.
- No tocante ao nivel de ocupación medio dos sete primeiros meses obsérvase que Santiago de Compostela rexistra a porcentaxe máis elevada de toda Galicia, cunha ocupación media do 48,46% nos sete primeiros meses do ano. O resto de cidades oscilan entre o 34,11% na cidade de Lugo e o 40,04% en Ourense.

Fig 10. Grao de ocupación e variación interanual nas cidades de Galicia. Xan.-Xul. 2010.



Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- En todas elas, salvo en A Coruña (onde a ocupación media descende algo máis dun punto e medio porcentual, tendencia que se observa individualmente en cada mes do presente ano, agás abril e maio), increméntase o nivel medio de ocupación dos sete primeiros meses do ano, con variacións interanuais que acadan case cinco puntos e medio porcentuais en Santiago (destino máis dinámico neste sentido), e de forma variable nas tres cidades restantes.